

# CMF - ASAMBLEA XERAL 2015

O Club presenta á Asemblea Xeral de Socios a memoria e contas do ano 2014.

Hai un movemento de **44.000€**, algo menor que o ano pasado

As contas teñen un pequeno superávit, pero ven a ser, que como sempre as subvencións, cada vez mais escasas, se cobran o ano seguinte. Por outra banda o feito de mover menos buses tamén implica menos movementos bancarios e menos perdas, dado que esas actividades sempre son deficitarias.

Dende Deportes - Concello, seguimos a manter un apoio constante, o cal é de agradecer, os esforzos da **Concelleira Susana Martinez**. Tamén temos estabrecido unha comunicación e apoio constante dende a Concellería de Turismo, o fronte da cal está **Maica García**, que alí adonde vai, nos pon como exemplo con a ruta da **Costa Artabra de Ferrol**, que estreamos este ano. Tamén insistir que calquera actividade **Medioambiental**, está esquecida por parte deste Concello.

Nos non quixemos pechar o nosos capitulo de actividades de **Aulas Verdes**, e o mantemos aínda que sen as actividades dos colexios que era o que nos enchía.

E tamén de suliñar a cantidade de atrancos que dende a parte **burocrática do concello** se poñe, para a xustificación das subvencións, hai auténticos atrancos que case converten en imposibles os cobros. Por último, e en contraposición coa actitude destas **duas concelleiras**, e dado que este é ano de eleccións, dicir que este é o único **Alcalde da Democracia** que nin nos recibiu, nin quiso saber moito (ou nada ) de nos

Cabe apuntar unha vez mais o apoio total, e o noso agradecemento, as concelleiras de deportes de **Narón: Natalia Hermida**, e de **Valdoviño: Cristina Freire**, non temos marcha a Teixido, pero si que fixemos a **I Trail de Montaña**, así como o de **Cedeira: Pablo Nebril**, volcado na marcha dos 40kms de das Terras de Cedeira.

Seguimos sen estar acostumados a que te chame un/a concelleir@ para ver que necesitas e como vai todo, e isto agradecece unha barbaridade e o fan e estes 3, bos servidores da **Res Publica**, polo menos no que a nos, nos toca.

Por contra, a teima do **Alcalde de Neda**, insistindo unha e outra vez, e regodeándose de que o **Valedor de Pobo**, nos contestara as nosas preguntas cunha resposta o expediente anterior amosando unha vez mais a autentica inutilidade de esta institución, do xeito que se rixe na actualidade, pero nos seguimos a traballar por Neda pola promoción do entorno natural , en contraposicións das **Feiras do Viño**.

A cota para **parad@s soci@s** con dous anos de antigüidade, está tendo demasiado éxito (por desgraza), aínda que *“xa se note a recuperación nas barras do bares”*, e este ano tampouco subimos cotas.

Segue a incrementarse o apoio económico a aqueles deportistas que están participando en competicións cada vez más a miúdo, como carreiras de montaña, orientación ou raids. O nome do **Club Montaña Ferrol**, cada vez está mais presente en competicións de diferente tipo, No capitulo de raids, estamos aí, cos mellores de Galicia e do Estado.

Os **gastos bancarios** seguen a ser un roubo, basicamente é un desprazamento en bus dunha actividade, aínda que se baixou algo, o empezar a operar dende ING, o que

ademais produxo uns intereses ate agoa nunca vistos de 106.55€ , o que nos leva a prantexar seriamente a baixa de ABANCA, por moi galega que sexa e operar so con Kutxa e ING.

Se baixaron moito as devolucións, que era outra coladera, traballando so con Kutxa. Menos de 10€!!!! Houbo anos que pasamos dos 100!!!

Seguimos preferindo un correo ou unha chamada de telefono a unha devolución do recibo. Todos aqueles, que polo que sexa, non tramiten a baixa no club cunha devolución de recibo no banco, iso nos costa cartos. Volo agradeceremos.

En actividades, seguimos a mover unha boa cantidade deportistas, mantendo as fundamentais, pero ceñindo moitas as **marchas curtas** de domingo pola maña, que están tendo un éxito que nos sorprende grademente.

E no novo tema de carreiras por montaña, e por primeira vez nos liamos a manta a cabeza e organizamos o **I Trail de Montaña Costa Artabra**, casi 100 corredores de toda Galicia, en 34 kms que algún calificou de suaves

Segundo ano de unha actividade a proposta de **Javi e Ana**, que volve a ter continuidade este ano, igual de exitosa que o ano pasado, este ano imos ver si a completamos con algo de orientación para os **rapaces e rapazas**, da **Casa de Acollida**, rapaces en risco de exclusión social. Este éxito sen dubida é particular e non lle corresponde ó club.

Non se notou a despedida da **A Marcha de Teixido**, despois de 15 anos, a posta en marcha do grande circuíto de Ferrol, da nosa costa, foi un éxito de acollida. Non podía ser doutro xeito, o percorrido é de impresión. Así a ruta da **COSTA ARTABRA DE FERROL** chegou para quedarse, polo menos outros 15 anos.

Como estamos en Canido, non podiamos quedar fora do movemento "**Meninas**" así o ano pasado inauguramos a nosa no balcón, e unha portátil para levar de marcha, as dúas obra do noso debuxante de cabeceira o gaditano-aresano **Pepe Cepero**.

Por fora houbo eleccións a **Federación Galega de Montañismo**, por unha vez en moito tempo houbo alternativa a actual dirección. Dende o directiva, valoramos a actual, que levaba un mandato, e sen dubida trocaron moitas cousas (en 20 anos foi a primeira vez que un pte. da FGM, veu ó noso local, p.e.), que podían ser mais e maiores, seguro! Que ten que adiantar moito o noso deporte, que se quedara anquilosado. Tamén! Pero analizando a situación, a alternativa, ó mellor traballando con mais tempo podía ser unha boa opción, pero iso hai que amosalo co traballo e non cun blog en internet de declaracións de intencións. O que non quita que en 4 anos se poda analizar un apoio a un cambio.

Un feito que lanzamos esta ano foi recuperar o noso 0'7% das cuotas de apoio dun proxecto social, e iso o mixturamos ca campaña de **Medicos Sen Fonteiras**, na sua campaña de urxencia contra o Ébola, e démoslle carácter solidario a **MARCHA E CALLOS DE ANINOVO**: mais de 700€ foron a axudar esa causa.

Por último, destacar o apoio que se lle deu a unha labor, que hai que agradecer os membros da comunidade escaladora (o final con menos xente traballando da que se pensaba nun principio).

Sabedes que temos unha das zonas de costa mais excepcionais para a escalada. O material de aseguramento, xa estaba esgotado, e se montou todo un movemento para

renovar. **O Club estivo ai. 500€** aportados o fondo común, **750€** en préstamo para unha subvención da Deputación, e se deixou **durante todo o verano todo o material** sen restricións, de escalada (ó mellor dun xeito en exceso xeneroso), **incluso o local**, como punto común. O mellor aínda hai algún que din que foi pouco, de todos xeitos, obxectivamente tamén ó mellor se pode analizar **QUE E CANTO** uso se lle da a ese material instalado con cartos dos socios do club, porque pode ser que estemos facendo unha instalación que non se usa nunca. Pero é un proxecto desenrolado dende o principio por socios do clube, e de lei mantelo

## E O 2015?

Pois seguir na liña de cosas sinxelas, con temas novedosos:

Seguimos celebrado o noso 40 aniversario, sen grandes fastos, e do mellor xeito:

**Actividades a moi baixo prezo para @s soci@s**

O itinerario da **Costa Ártabra** o imos aproveitar para coa axuda de Pedro F Flores o noso biólogo de cabeceira, e imos facer parciais de interpretación natural, para que sepamos o que temos

A segunda marcha de **50kms da Costa Ártabra Concello de Ferrol**, tera cambios no trazado, sempre se aprende e imos contar de novo con apoio da Concellería de Turismo, cuia titular **Maica García**, xa nos adiantou o apoio para a edición dunha guía de camiño e un novo mapa.

Por suposto convocatoria algo rezagadas das **Eleccións a Directiva**, coa esperanza (algo complicada) de que haxa unha renovación, que acolla as actividades de sendeirismo, montaña, medioambiente, escalada, raids, orientación, grandes marchas, etc

# Polo resto:

# Intentar sobrevivir.



# COMPARATIVA 2014 / 2013

	2014		2013	
	INGRESOS/Cobros	GASTOS/pagos	INGRESOS/Cobros	GASTOS/pagos
Actividades	11.326,80 €	12.884,24 €	10.270,80 €	11.666,70 €
Actividades/RAIDS	665,00 €	1.564,27 €	5.371,00 €	4.861,16 €
Aulas Verdes	721,00 €	1.013,00 €	533,00 €	780,00 €
Cuotas	11.297,35 €	- €	10.927,30 €	- €
Gasto persoal admin	- €	3.529,00 €	- €	2.541,50 €
Ingresos Extraordinarios	75,65 €	- €	162,80 €	- €
Licenzas	9.088,00 €	9.088,00 €	6.936,00 €	6.936,00 €
Material promoción	2.128,02 €	10,00 €	3.774,12 €	5.688,63 €
Outros (a compensar)	663,27 €	663,27 €	6.728,00 €	6.728,00 €
Outros gastos	9,10 €	7.994,32 €	- €	3.808,44 €
Outros ingresos financeiros	106,55 €	- €	0,55 €	- €
Otros servizos	- €	2.401,65 €	- €	2.488,33 €
Outros tributos	- €	241,11 €	- €	241,11 €
Primas de seguros	180,00 €	964,02 €	- €	771,71 €
Servizos bancarios e similares	19,00 €	318,55 €	- €	370,34 €
Subvencions	7.949,28 €	- €	8.291,80 €	- €
Cobros/pagos doutros anos	- 150,00 €	152,47 €		1.947,01 €
<b>Total Xeneral</b>	<b>44.079,02 €</b>	<b>40.823,90 €</b>	<b>52.995,37 €</b>	<b>48.828,93 €</b>